



<b>SUBVENCIÓN</b>	Axudas destinadas á reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, con carácter plurianual.
<b>CÓDIGO PROCEDEMENTO</b>	<b>VI100B</b>
<b>PUBLICACIÓN BASES REGULADORAS</b>	DOG núm. 144 do 29/07/2022. Resolución do 28 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas á reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, con carácter plurianual.
<b>OBXECTO</b>	A reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico como consecuencia dos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022. Para o caso de que os danos ocasionados determinaran a ruína da vivenda, a axuda poderá destinarse tanto á súa reconstrución como á adquisición dunha nova vivenda.
<b>NATUREZA DAS AXUDAS</b>	A concesión destas <b>axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos</b> , público ou privado, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas nesta resolución concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido ou, de ser o caso, da contía ou porcentaxe deste establecidas nesta resolución.
<b>PROCEDEMENTO</b>	<b>Concorrencia non competitiva</b> ; as solicitudes atenderanse por rigorosa orde de presentación ata o esgotamento do crédito; <b>entenderase como data de presentación aquela na que o expediente teña toda a documentación correcta</b> que debe acompañar á solicitude.
<b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>	Dende o 01/08/2022 ata o 02/11/2022.
<b>INICIO DAS OBRAS</b>	As actuacións poderán estar iniciadas carácter previo á presentación da solicitude ou da resolución de concesión, sempre que se conserven fotografías e calquera outro documento que acredite o estado en que quedara a vivenda, as instalacións complementarias ou o enxoval por causa dos incendios.
<b>ACTUACIÓNS SUBVENCIÓNABLES E CONTÍA DAS AXUDAS</b>	Serán obxecto de axuda os danos causados polos incendios: A) Na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas. <ul style="list-style-type: none"><li>• Se os danos determinan a ruína da vivenda, a axuda concederase polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún caso</li></ul>



	<p>dito importe poida superar o límite do 85 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral de 120 m2 de superficie útil en zona 2, é dicir, 122.400 €.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmoble danado, a axuda concederáse polo importe correspondente ata cubrir como máximo o 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso dito importe poida superar o límite do 85 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral de 120 m2 de superficie útil na zona 2, é dicir, 122.400 €.</li></ul> <p>B) No resto das vivendas residenciais que non sexan permanentes e habituais e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>Se os danos ocasionados determinen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún caso o dito importe poida superar o límite do 50 % do 85 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral, de 120 m2 de superficie útil na zona 2, o que ascende a 61.200 €.</li><li>Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmoble danado, a axuda concederáse polo importe do 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso dito importe poida superar o límite do 50 % do 85 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral, de 120 m2 de superficie útil na zona 2, o que ascende a 61.200 €. As vivendas deberanse dedicar, polo menos, a vivenda ocasional.</li></ul> <p>C) Enxoval doméstico das vivendas danadas cando non estean incluídos nas axudas que para o mesmo efecto poidan aprobar outras administracións como por calquera outro sistema de cobertura de danos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>Enxoval de primeira necesidade de vivendas ruinosas que constitúan a residencia permanente e habitual dos seus moradores, o importe da axuda será o 100 % dos gastos de reposición, co límite de 15.000 €.</li><li>Enxoval de primeira necesidade de vivendas ruinosas que non sexan permanentes e habituais, o importe da axuda será o 50 % dos gastos de reposición, co límite de 5.000 €.</li><li>Nos demais supostos, o importe da axuda será de ata o 100 % dos gastos, co límite de 7.000 €, ou do 50 % dos gastos de reparación ou reposición do enxoval, co límite de 3.000 €, en función de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente.</li></ul>
<b>PRAZO DE EXECUCIÓN</b>	No suposto de actuacións de rehabilitación na vivenda danada e/ou nas súas instalacións complementarias, o prazo para a execución das obras non poderá ser superior a vinte e catro meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda.
<b>PERSOAS SOLICITANTES</b>	Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas que sufrisen danos que afecten tanto á vivenda como ao seu enxoval doméstico. As persoas beneficiarias das axudas están exentas do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



**DOCUMENTACIÓN A  
PRESENTAR COA SOLICITUDE**

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.
- b) Título ou documento admisible en dereito que acredite a condición da persoa propietaria ou usufrutuaria da vivenda danada.
- c) No suposto de que a vivenda danada sexa a residencia habitual e permanente, certificado municipal de residencia ou calquera outro documento que acredite esta condición, para o caso de non estar empadroad/a na vivenda ou non poder comprobar o certificado de empadramento.
- d) Autorización expresa da persoa propietaria para a presentación da solicitude, no caso de que esta sexa presentada pola persoa usufrutuaria.
- e) Autorización expresa das demais persoas propietarias, no caso de que a vivenda pertenza a varias persoas e a solicitude sexa presentada por unha sola de elas.
- f) Memoria emitida por persoa técnica competente de conformidade co disposto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, na que se valore a reposición dos danos acaecidos na vivenda danada, nas instalacións complementarias e no seu enxoval doméstico. Nos casos de rehabilitación ou reparación da vivenda danada, esta memoria conterá o correspondente cronograma da actuación, coa previsión das súas anualidades de execución.
- g) Memoria emitida por persoa técnica competente de conformidade co disposto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, ou informe municipal de que a vivenda está en situación de ruína como consecuencia do incendio, por concorrer algún dos supostos previstos no artigo 141.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.
- h) Copia da póliza de seguro da vivenda e/ou o enxoval doméstico danados, de ser o caso.



<b>FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES</b>	<b>Presentación electrónica ou presencial</b>
<b>INFORMACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 012</li><li>• <b>Servizo de Coordinación e Información en Materia de Vivenda:</b> 981957529</li><li>• <b>Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Lugo:</b> 982294602</li><li>• <b>Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Ourense:</b> 988386273</li></ul>